

# CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

## Temporada 2025/2026



O teatro, punto de encontro



XUNTA  
DE GALICIA

O Centro Dramático Galego é a unidade de producción teatral da Xunta de Galicia, dependente da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Axencia Galega das Industrias Culturais.

**Centro Dramático Galego**

Salón Teatro. Rúa Nova, 34

15705 Santiago de Compostela

Tel. 881 867 229

[centro.dramatico.galego@xunta.gal](mailto:centro.dramatico.galego@xunta.gal)

[www.centrodramatico.gal](http://www.centrodramatico.gal)

*A ti non che parece que a historia é coma unha secuencia que se repite? Ou sexa, a historia vai evolucionando, non? Pero, en realidade, os seres humanos viven periodicamente o mesmo, parece que avanzan nunha dirección, non sei, a de ganar certos dereitos, por exemplo... E pasa o tempo, e parece que sempre aparecen forzas que avanzan na dirección contraria... De pronto volvemos estar, ou vivir, ou pensar, da mesma maneira que outras veces no pasado. Non sei...*

#### ***A serie clopen***

*Balbino.— Sabe que lle digo, padriño? Ás veces penso que, xa de ser pobre, máis me valera ser un deses que non teñen casa e andan a pedir polos camiños. Eles non dependen dun amo e mira... polo menos son libres, non?*

*Padriño.— Xa, ho, pero...*

*Balbino.— Pero que?*

*Padriño.— Ser libres... e non ter para comer...*

#### ***Memorias dun neno labrego***

*Ouvín contar que certos criminais, asistindo a un espectáculo, foron de tal forma e ata o fondo da alma impresionados pola arte da escena, que confesaron os seus delitos. Preciso ter probas contundentes. A representación será a trampa onde caia a conciencia do Rei.*

***Hamlet***



# ÍNDICE

PRESENTACIÓN.....	07
1_PRODUCIÓN.....	08
A SERIE COPEN.....	09
HEROES EN DECEMBRO.....	11
BERENGUELA NA GAIOLA.....	12
TERRITORIO REGUEIFA.....	13
JOSE AFONSO, AO VIVO NOS COLISEUS, 1983.....	14
MEMORIAS DUN NENO LABREGO.....	16
HAMLET.....	18
A FURIA DA AMANITA.....	20
A FORTALEZA.....	21
SOMOS MONSTROS.....	22
BLACK BOX.....	23
OS PASADORES.....	24
XUVENTUDE CREA PRO.....	25
ENSAIO TÉCNICO.....	26
2_CDGLAB.....	27
3_ACESIBILIDADE.....	28
4_ACCIÓN NO TERRITORIO E XIRAS.....	29
5_ACCIÓN EXTERIOR E INTERNACIONALIZACIÓN.....	30
6_RESIDENCIAS.....	31
7_APOIO Á DRAMATURXIA.....	32
8_PUBLICACIÓNS.....	33
9_EXHIBICIÓN.....	34
10_MEDIACIÓN E SERVIZO EDUCATIVO.....	35
11_MEDIOAMBIENTE.....	36
12_PUNTO DE ENCONTRO.....	37



# PUNTO DE ENCONTRO

H

ai quen di que o teatro é o encontro. Un lugar para estar. Para compartir. Para sentir.

Porque no teatro compartimos algo más que un espectáculo: compartimos tempo, preguntas, emoción. Un lugar onde pensar en común. Onde rir en común. Onde atopar o noso reflexo no espello da escena. No aquí e agora.

O teatro é unha casa aberta. Un espazo público que pertence a todas e todos. Unha voz colectiva que se renova con cada espectáculo. Unha ferramenta para contar o que somos, lembrar o que fomos e proxectar o que queremos ser.

A proposta nesta nova temporada do Centro Dramático Galego é diversa en canto a voces, formatos e historias.

Historias que exploran a memoria, a identidade, o territorio, a lingua.

Historias que preguntan. Que incomodan. Que nos fan rir e que nos fan pensar.

O CDG ofrece un programa plural e vivo. Un programa que aposta polo talento galego. Que se abre ao mundo e que volve ao local. Que impulsa a nova creación e recupera a tradición. Que descentraliza. Que conecta. Que transforma.

O teatro é reflexión. O teatro é gozo. O teatro é encontro.

Nesta temporada 2025/2026, queremos convidarte a volver. Volver ao teatro. Volver ao Centro Dramático Galego.

Volver a encontrarnos na escena.

Fran Núñez  
Director do Centro Dramático Galego

# 1. PRODUCIÓN

**D**esde *A serie clopen* ata *Hamlet*, desde *Memorias dun neno labrego* ata *A furia da amanita*, o Centro Dramático Galego ofrece nesta temporda 2025/2026 un programa plural e vivo composto por 14 espectáculos, entre producións propias e coproducións con numerosas entidades teatrais de Galicia e Portugal. Un programa que mestura linguaxes e xeracións. Que combina risco, humor, poesía e pensamento.

Están as propostas que interpelan de xeito directo á mocidade, como *A serie clopen*, onde o circo, a comedia e as matemáticas se unen para falar do presente.

Está *Heroes en decembro*, que aborda con honestidade e dramatismo a saúde mental e o dereito a falar do suicidio. E *Berenguela na gaiola*, onde a terceira idade toma o escenario para recuperar voz, memoria e dignidade.

Está *Territorio regueifa*, unha festa da improvisación oral que mestura tradición, teatro e música.

Está *José Afonso, ao vivo nos Coliseus*,

**1983**, unha homenaxe escénica ao espírito da *Revolução dos Cravos*.

Está *Memorias dun neno labrego*, que volve darlle voz a Balbino, ao neno que pensa, sente e resiste fronte á dura realidade da aldea galega de mediados do século XX.

Está tamén a palabra eterna de Shakespeare en *Hamlet*, cunha proposta que afonda nas doenzas do poder e da mente humana.

E están as creacións que nacen do presente e falan da ferida. *A furia da Amanita*, sobre a culpa e o regreso; *Somos monstros*, sobre a diversidade de ser e de estar no mundo; *A fortaleza*, unha viaxe pola memoria e a resistencia inspirada na figura de Chelo, guerrilleira galega, e *Black Box*, que rescata a memoria familiar de Hugo Torres.

Está *Os pasadores*, unha viaxe escénica sobre as fronteiras visibles e invisibles que nos separan e nos definen, e *Ensaio técnico*, un espectáculo que converte os procesos e os errores do teatro nun acto de creación compartida. E, por último, a produción que nacerá do proxecto gañador do certame *Xuventude Crea Teatro Pro 2025*.

# A SERIE COPEN

de Clara Gayo e Pablo Reboleiro

Centro Dramático Galego

**Estrea: 11 de setembro de 2025 no Salón Teatro de Santiago de Compostela**

Funcións no Salón Teatro e xira entre o 12 de setembro e o 9 de novembro

A

crobacias imposibles,  
áereos impresionantes,  
comedia hilarante,  
danza, *clown* e unha

historia cativadora. *A serie copen* é un espectáculo multidisciplinar que reflexiona, en ton de humor, sobre os retos que ten que afrontar a xuventude nestes tempos de incerteza.

Alicia é unha rapaza que está nese momento vital onde comeza a construír a súa identidade e investiga o mundo que a arrodea. O seu cuarto segue cheo de bonecas e xoguetes, pero as preguntas invaden a súa mente. Ela, no seu afán de dirlles resposta, abre unha canle onde explica curiosidades acerca dunha das súas paixóns: as Matemáticas.

Pero todo o que descobre xera máis preguntas...

Poderán as Mates explicar o momento político actual: o auxe dos absolutismos, dos fascismos, o aumento da desigualdade, ou o novo contexto bélico?

Poderá a nosa mocidade superar os retos que se lle impoñen á súa xeración?

E, sobre todo, poderá o Circo, a arte do momento presente, do físico, do risco, da cooperación, ofrecer alternativas nun mundo absolutamente dixitalizado?

## Equipo artístico:

Dirección: Pablo Reboleiro

Dramaturxia: Clara Gayo e Pablo Reboleiro

Iluminación e videoescena: Laura Iturralde

Escenografía: José Faro e Laura Iturralde

Caracterización e maquillaxe: Erea Pérez e Paula Quintas

Vestuario: Carlos Alonso

Deseño de movemento e coreografía: Marta Alonso Tejada

Asistencia de dirección e espacio sonoro: Marcos PTT

Composición Musical: Xosé Lois Romero

Asistencia de circo: José Expósito

Asistencia de producción: Santi Romay

## Elenco:

Marián Bañobre

Luz García

Johanna Hesse

Raquel Oitavén

Natalia Pajarito

Inés Santos

Guillermo Solo



# HEROES EN DECEMBER

de Eva Mir

Centro Dramático Galego en coproducción con Ancoraxe e Vórtice Escénico  
**Estrea: 26 de setembro de 2025 no marco da Mostra de Teatro de Ribeira**

Coa colaboración do Concello de Catoira dentro do programa de residencias do Centro Dramático Galego

**H**eroes en decembro presenta catro persoas que participaron no programa de repoboación rural "Revivir" da Fundación Habitando, tras seren superviventes de tentativas de suicidio. Lonxe de seren rehabilitadas, as rutinas programadas afúndenas máis no baleiro vital. A morte de Khalid, a chegada dunha traballadora social que busca facer un documental, e as decisións extremas de Agnes, Berta e Xián poñen en crise o sentido mesmo do programa.

Esta peza coral reflexiona con honestidade e humor ácido sobre a saúde mental, a culpa, a identidade e odereito a falar do suicidio. Un drama contemporáneo cun código escénico innovador e comprometido coas novas xeracións.

## Equipo artístico:

Dirección, traducción e adaptación: Sara Rey

## Espazo sonoro: Marcos Grandal

## Espazo escénico e iluminación: As dúas e punto

Revisión lingüística: Andrea Gagino

Asesoría psicológica: María Borrazás

## Elenco:

Isabel Garrido

Marcos Grandal

Andrea Blanco

Ana San Fernando



# BERENGELA NA GAIOLA

de Manuel María

Centro Dramático Galego en coproducción con Galeatro, Xarope Tulú e FIOT de Carballo  
Premio Manuel María de Proxectos Teatrais 2024

**Estrea: 27 de setembro de 2025 no Pazo da Cultura de Carballo no marco do FIOT**  
Funcións no Salón Teatro: 5, 6 e 7 de decembro de 2025

**N**unha residencia da terceira idade, tres persoas maiores, Berenguela, Aurora e Tomás, deciden representar a obra *Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo chamada Berenguela*, de Manuel María. A través deste xogo teatral, recuperan a ilusión, a voz e a liberdade que a sociedade lles nega. A proposta, chea de humor e crítica, establece un diálogo


entre xeracións e reivindica o dereito a existir con dignidade en todas as etapas da vida. O teatro convértese aquí en ferramenta de rebelión e soño compartido, recuperando a forza do espírito do monte.

## Equipo artístico

Dirección e dramaturxia: Paula Carballeira  
Espazo escénico e vestiario: As Dúas e Punto  
Espazo sonoro: Xavier Bértolo  
Caracterización: Lorena Calvo  
Iluminación e escenografía: Nicolás Zamorano  
Deseño gráfico, foto e vídeo: Sol Álvarez

## Elenco

Alba Bermúdez  
Tone Martínez  
Atenea García



# TERRITORIO REGUEIFA

de José L. Prieto

Centro Dramático Galego en coproducción con Ainé e FIOT de Carballo

**Estrea: 4 de outubro de 2025 en Carballo no marco do FIOT**

**T**erritorio regueifa é un espectáculo de humor, música e improvisación, no que dous regueifeiros e unha regueifeira introdúcennos na arte da regueifa, as súas orixes, a súa evolución, e a súa vixencia na actualidade.

O espectáculo combina a parte narrada coa recreación de distintas escenas

teatrais, como a primeira regueifa da historia, a incorporación da muller no mundo da improvisación rimada, ou como sería un telexornal da Galega feito en verso. E tamén o público participará de forma activa recibindo unha clase de iniciación á improvisación oral cantada, que rematará cunha gran festa musical.

## Equipo artístico

Dirección: José L. Prieto

## Escenografía: Banale

## Vestuario: Laura Baena

Música: Santi Jul e Iván Laxe

Elenco

Lupe Blanco

Manolo Maseda

Josinho da Teixeira



# **JOSE AFONSO, AO VIVO NOS COLISEUS, 1983**

a partir de textos de Lígia Soares, Marta Figueiredo, Miguel Cardoso, Rui Pina Coelho, Susana Moreira Marques

Centro Dramático Galego en coproducción co Teatro Municipal do Porto, Teatro Experimental do Porto, Culturgest, Cine-Teatro Louletano


**Estreia: 6 de novembro de 2025 no Teatro Municipal do Porto**

Funcions no Salón Teatro: 16 de decembre de 2025

**J**osé Afonso, ao vivo nos Coliseus, 1983 parte dos históricos concertos de despedida que José Afonso ofereceu nos Coliseus de Lisboa e Porto en 1983, pouco antes de que a enfermidade lle impidese seguir cantando.

A través dunha proposta escénica híbrida entre teatro, música e poesía, inspirada no concepto británico de Gig Theatre, recrease non só o espírito do concerto, senón tamén a súa dimensión histórica, política e emocional.

unha homenaxe viva ao artista e ao soño colectivo da *Revolução dos Cravos*, explorado desde a melancolía, a resistencia e a esperanza. A música de Zeca Afonso convértese en fío condutor dunha peza escénica coral e contemporánea, que convida a lembrar, pensar e cantar.



## **Equipo artístico**

Dirección: Gonçalo Amorim  
Coordinación dramatúrxica: Rui Pina Coelho  
Dirección musical: Mariana Leite Soares, Pedro João  
Escenografía: Catarina Barros  
Vestiario: Cátia Barros  
Deseño de luz: Nuno Meira  
Técnico de luz: Renato Marinho  
Técnico de son: Miguel Serrão  
Vídeo: José Freitas  
Apoio á investigación: José Carlos Calixto, Pedro Afonso, Zélia Afonso

## **Elenco**

Catarina Chora  
Catarina Carvalho Gomes  
Inês Salvado  
Mariana Leite Soares  
Pedro João  
Hugo Inácio  
Josué  
Saulo Giovannini  
Teresa Costa

O Teatro Experimental do Porto (TEP) é unha estrutura financiada polo Goberno de Portugal / Ministerio de Cultura / Dirección Xeral das Artes e apoiada pola Cámara Municipal do Porto.

## **Equipo do TEP**

Dirección artística: Gonçalo Amorim  
Concepción dramatúrxica: Rui Pina Coelho  
Dirección de producción: Nuno Eusébio  
Producción executiva: Inês Pinheiro Torres  
Dirección plástica: Catarina Barros  
Asistencia de escenografía e vestiario: Maria Simões  
Asesoría de comunicación e prensa: Bruno Moreira  
Deseño gráfico: Marta Ramos  
Centro de documentación: Ana Catarina Soares  
Limpeza: Virgínia Frias  
Contabilidade: CONTALAC

## **Órganos Sociais do TEP**

Asemblea Xeral: Carmen Navarro (presidenta), João Maia (vicepresidente), António Júlio (secretario).  
Dirección: Filomena Louro (presidenta), Gonçalo Amorim (vicepresidente), Pedro Alves (tesoureiro), João Rosário (1º secretario), Teresa Leal (2ª secretaria), Catarina Barros (vocal), Rui Pina Coelho (vocal).  
Consello Fiscal: Serafim Nunes (presidente), Octávio Marinho (secretario), Jorge Louraço (vocal).

# **MEMORIAS DUN NENO LABREGO**

**nova versión teatral sobre o libro de Xosé Neira Vilas no X aniversario  
do seu pasamento**

Centro Dramático Galego

**Estrea: 8 de xaneiro de 2026 no Salón Teatro de Santiago de Compostela**

Funcións no Salón Teatro e xira entre o 9 de xaneiro e o 22 de febreiro

**B**albino é un neno de aldea, fillo de labregos pobres, que medra nun mundo de silencios, traballo e obediencia. Neste espectáculo, seguimos a súa voz sincera e sensible mentres narra a vida cotiá nunha aldea galega dos anos corenta: a escola, a familia, os soños frustrados, as inxustizas sociais e o desexo constante de fuxir dun destino xa escrito.

A historia desenvólvese a través dunha serie de lembranzas que van desde a tenrura da infancia ata a crúa conciencia das desigualdades. O espectáculo dálles vida aos episodios máis representativos da novela de Neira Vilas: o maltrato escolar, a perda do amigo ou dun animal querido, a frustración do primeiro amor, a dureza do traballo, a emigración, a represión da expresión, e a tristura

de sentirse diferente nun mundo que non admite preguntas; pero tamén os costumes e celebracións festivas da aldea, e as esperanzas e alegrías que, a pesar de todo, ofrece a vida.

Nesta nova versión teatral do clásico de Neira Vilas, a memoria persoal do neno labrego preséntase como unha memoria colectiva, a desa Galicia rural que se foi diluíndo ou transformando, nun espectáculo que pon en primeiro termo a emoción, pero tamén o humor e a relación directa e amena co público.

## Equipo artístico:

Texto teatral e dirección escénica: Cándido Pazó  
Escenografía e atrezzo: Pablo Giráldez "O Pastor"  
Vestuario: Martina Cambeiro  
Música: Xosé Lois Romero  
Iluminación: Afonso Castro  
Axudantía de dirección: Belén Pichel

## Elenco:

Xúlio Abonjo  
Santi Romay  
Manuel Cortés  
Federico Pérez Rey  
Iris Darriba  
Mónica García  
Ana Santos



# HAMLET

de William Shakespeare

Centro Dramático Galego

**Estrea: 19 de marzo de 2026 no Salón Teatro de Santiago de Compostela**

Funcións no Salón Teatro entre o 20 de marzo e o 3 de maio

**H**amlet, príncipe de Dinamarca, está tratando de asimilar, sen demasiado éxito, a morte do seu pai e a rápida voda da súa nai co seu tío.

Esta sensación de baleiro, de melancolia e de anguria existencial que impregna o cerebro do mozo Hamlet vai-se ver multiplicada cando reciba a visita da pantasma do seu pai e este lle asegure que a súa morte foi provocada polo seu propio irmán, asasinándoo para ter acceso tanto á coroa como ao corazón da raíña.

A partir dese momento, Hamlet vese obrigado a vingar a morte do seu pai, pero a aceptación desa misión non lle resultará fácil. O maior atranco non

será outro que a súa propia conciencia, que lle fai adiar continuamente o intre de pasar a acción e se converter nese heroe vingativo que o seu pai lle ordeñou ser.

Hamlet toma a decisión de facerse pasar por tolo para seguir habitando nun palacio real cuxo fedor moral se lle fai insopportable, mentres agarda despechar as dúbidas que lle leven a cumplir o seu cruel destino e acabar coa vida do asasino do seu pai: o seu tío.

## Equipo artístico:

Dirección: Tito Asorey  
Dramaturxia: Tito Asorey e Vanesa Sotelo  
Escenografía: Carlos Alonso  
Vestuario: Uxía P. Vaello  
Maquillaxe: Lorena Calvo  
Iluminación e vídeo: Laura Iturralde  
Espazo sonoro: Xavier Bértolo  
Coreografía: Rut Balvís  
Loita escénica: Aldán López Dacosta  
Asesora de interpretación: Melania Cruz  
Axudantía de dirección: Sara Rey

## Elenco:

Adrián Ríos  
Alejandro Jato  
Belén Constenla  
César Goldi  
Cristina Andrade  
Iolanda Muíños  
Isa Garrido  
Lucía Veiga  
Machi Salgado  
Marita Martínez  
Miguel Canalejo  
Pedro Placer  
Raquel Espada  
Sergio Abelaira  
Sergio Zearreta  
Toni Salgado



# A FURIA DA AMANITA

## **de Santiago Cortegoso**

Centro Dramático Galego en coproducción con Redrum

Proxecto gañador da Bolsa de Dramaturxia e Creación

**Estrea: 14 de maio de 2026 no Salón Teatro de Santiago de Compostela**

## Funcións no Salón Teatro: 15 e 16 de maio de 2026

**D**espois dunha década vivindo no estranxeiro, Irene regresa á casa da súa infancia para atoparse cun pai recluído no silencio e a rutina.

Entre diálogos fragmentados, recordos intermitentes e tensións ideolóxicas, ambos os dous intentan reconstruír un vínculo roto pola perda, a distancia e os reproches.

## Equipo artístico

Dirección : Alex Sampayo e Guillermo Carbajo

Autoría/dramaturxia: Santiago Cortegoso

Diseño de iluminación: Carlos Álvarez-Ossorio

Espazo sonoro: Davide González Lorenzo

## Caracterización e vestuario: María Illobre

Elenco

Sheyla Fariña

Miquel Borines

*A furia da amanita* é unha obra sobre o dó, o choque xeracional, a conciencia social e a imposibilidade de fuxir do pasado.



# A FORTALEZA

de Lorena Conde

Centro Dramático Galego en coproducción con A Feroz e o Festival Festival Internacional de Teatro de Expressão Ibérica do Porto (FITEI)

**Estrea: Maio de 2026 no Teatro Constantino Nery de Matosinhos no marco do FITEI 2026**

Funcións no Salón Teatro: 17 de maio de 2026

**N**este artefacto dramático, o escenario convértese nun territorio de memoria, resistencia e preguntas urxentes.

Inspiradas pola figura da guerrilleira galega Chelo e coa guía de Aurora Marco, abrimos unha fenda no tempo para explorar as pegadas invisibles da loita, a herdanza que arrastramos e as

violencias —íntimas e colectivas— que nos atravesan antes de que estoupe calquera guerra.

A obra non procura contar unha biografía, senón activar unha reflexión dende o corpo, a imaxe e a palabra. Entre documentos, accións performativas e memoria encarnada, esta peza propón unha viaxe escénica que nos lembra que cada xesto pode ser unha forma

## Equipo artístico

Dirección de Raquel S.

Texto: A Feroz e Raquel S.

Música en escena de Mariana Leite

Vestuario e escenografía de Joana Mont'Alverne

Distribución de Amarelo

## Elenco

Aurora Marco

Bea Romero

Inés Salvado Gontad

Gustavo Freire

Lorena Conde

Mariana Leite



# SOMOS MONSTROS

**de Paula Carballeira**

Centro Dramático Galego en coproducción con Berrobambán, Terra Amarela e Comedias do Minho

**Estrea: 22 de maio de 2026 no Salón Teatro de Compostela**

Funcións no Salón Teatro: 23 e 24 de maio

**U**n bosque queimado, casas en ruínas. Dous irmáns, unha nena e un neno saen xogar cando comeza a escurecer, no lusco e fusco. Como ocorre nos melhores contos, pérdense e faise de noite. Aí, nas sombras, onde non podes velo todo, viven os monstros. E sabes? Por moitas luces que acendas, sempre hai sombras.

Baseado nun texto homónimo de Paula Carballeira —Premio Nacional de Literatura

Dramática de España 2023—, gañador do X  
Premio Manuel María de Literatura  
Dramática Infantil de Galicia, *Somos  
monstros* é un espectáculo teatral  
inclusivo e accesible, dirixido a maiores  
de 12 anos, que se desenvolverá en  
Galicia e Portugal

*Somos monstros preséntase como unha oportunidade única para promover a reflexión sobre a diferenza, a diversidade, a igualdade, a inclusión e o fomento da participación social.*

## Equipo artístico

Dramaturxia: Paula Carballeira

Dirección: Magda Labarqa

Elenco

Areta Bolado

Paulo Acevedo

Joana Saraiya

Chiqui Pereira



# **BLACK BOX**

**de Gabriel Calderón e Hugo Torres**

Centro Dramático Galego en coproducción con Hugo Torres, Cidade da Cultura de Galicia, FITEI e Trigo Limpo / ACERT

**Estrea: maio de 2026 no Salón Teatro de Santiago de Compostela no marco do Festival Escenas do Cambio**

**Q**ue teñen en común un mariñeiro da armada de Vasco da Gama —a primeira en abrir a ruta marítima cara ás Indias—, o dono dunha hospedería do século XVIII, un pirata/bandoleiro que impartía xustiza pola súa conta e quería repartir a riqueza entre todos, un capitán de cabalería, o mestre de esgrima dun rei, un historiador disidente dun réxime autoritario, unha mestra de principios do século XX que nunca usou saia, un pintor e arqueólogo que cruza un mar nun barco a remos, unha pintora que namora dunha xoaniña e acaba escribindo o dicionario dun país, unha profesora de primaria que se une

## Equipo artístico

Dirección: Hugo Torres

Texto e dramaturxia: Gabriel Calderón e Hugo Torres

Espazo e vestuario: Marta Pazos

Illuminación: Iván Núñez Casa

Deseño de son e música orixinal: Hugo Torres


Elenco

Hugo Torres

ao exército para alfabetizar as poboacións esquecidas dun país en revolución, e un vendedor de coches que viviu a vida a unha velocidade moito maior ca dos coches que vendía?

Todos eles son os meus devanceiros e este espectáculo é unha homenaxe a como persoas anónimas —que non sempre figuran nos libros— poden deixar pegada no mundo e contribuír ao seu avance. Este é o legado da miña familia. Esta é a miña historia. Tentando facer do mundo un lugar mellor para os meus fillos.

Hugo Torres



# OS PASADORES

de Patricia Portela

Centro Dramático Galego en coproducción con Rota Clandestina, Pirilampo e Associação Cultural Prado

**Estrea: xuño de 2026 en Miranda do Douro**

*Colaboracións e apoios: AEPGA - Associação de Estudo e Protecção de Gado Asinino, PNA - Plano Nacional das Artes, Câmara Municipal de Miranda do Douro, Ayuntamiento de Alcañices, MIT Ribadavia, La Casa Encendida de Madrid, Oeiras Valley e Oeiras Cultura*

**P**or que cruzar a fronteira?  
Porque do outro lado xa  
había liberdade, non había  
guerra nin fame; porque  
tiñan produtos modernos como  
suxejadores ou tabaco americano.

Cruzaban as fronteiras para atopar  
traballo, fuxir da fame, da guerra ou  
da ditadura, ou simplemente para  
intercambiar bens escasos dun lado e  
abundantes doutro. Aínda que o mercado  
único europeo eliminou fronteiras fiscais

en 1993, as barreiras políticas, económicas  
e sociais continúan, sobre todo para  
quen non ten un pasaporte da UE.

*Os pasadores* é un espectáculo que recolle  
testemuños reais sobre o contrabando  
entre a Guerra Civil española (1936–1939) e a  
Revolución dos Cravos (1974), contados por  
antigos pasadores, exiliados e fuxitivos  
políticos dun lado e outro da fronteira.

## Equipo artístico

Concepción, texto e dirección: Patrícia Portela

Composición musical: Xosé Lois Romero

En colaboración con músicos locais coordinados por Susana Romano – AEPGA

Dirección musical dos coros: María Repas

Asistencia de dirección: João Grosso mais unha artista galega

Apoio á dramaturxia: Ángela Rodríguez

Apoio en Galicia: Eva Jaumenez

Deseño de luz: Zé Rui

## Elenco

Artistas a definir



# XUVENTUDE CREA PRO

Centro Dramático Galego e Cidade da Cultura de Galicia en coproducción coa compañía gañadora do certame Xuventude Crea Teatro Pro

O programa Xuventude Crea Teatro Pro, promovido pola Dirección Xeral de Xuventude en colaboración co Centro Dramático Galego, ten como finalidade apoiar a creación escénica entre a mocidade e facilitar a súa incorporación ao ámbito profesional.

A iniciativa ofrécelles acompañamento artístico e técnico, recursos e visibilidade a novos equipos creativos, afianzando así unha canle estable para a profesionalización das novas xeracións no contexto teatral galego.

Na súa primeira edición, celebrada en 2024, o programa permitiu a produción da obra *O carteiro de Ximaraos*, proxecto gañador apoiado polo CDG, que contou cun proceso de acompañamiento e exhibición no Salón Teatro.

Este traballo puxo en valor a creatividade e a solvencia dunha xeración nova con

propostas escénicas innovadoras e comprometidas co presente.

Na edición de 2025, o proceso de selección dará un paso máis coa incorporación dun xurado internacional, reforzando a dimensión profesional e a proxección exterior do programa.

Como parte do premio, o equipo seleccionado nesta convocatoria poderá recibir apoio do CDG e da Cidade da Cultura para a posta en escena dun novo proxecto no ano 2026, consolidando unha traxectoria de crecemento e continuidade.

Deste xeito, Xuventude Crea Teatro Pro sitúase como unha plataforma estratégica para a emerxencia e consolidación do talento teatral mozo, e como unha ponte efectiva entre a creación xuvenil e as estruturas profesionais do sistema escénico galego.

# ENSAIO TÉCNICO

de Mickaël de Oliveira

Centro Dramático Galego en coproducción co Teatro Oficina de Guimarães, Colectivo84, e ESAD de Galicia dentro do CDGLab

**Estrea: Xuño de 2026 no marco da Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas**

**U**n grupo de novos actores viviu unha experiencia transformadora nun curso internacional de *performance* en Austria. Á súa volta, deciden continuar esa aventura artística, creando unha estrutura propia baseada na idea de "performance continua e aberta". Durante tres anos, traballan fóra do circuito urbano e institucional, en réxime de retiro, cunha entrega absoluta ao proceso creativo.

*Ensaio técnico* reconstrúe esa experiencia desde unha ficción escénica que mestura teatro e vídeo, ofrecéndolle

## Equipo artístico

Texto, dirección, espacio escénico e realización: Mickaël de Oliveira

Diseño, operación de vídeo e realización: Fábio Coelho

**Elenco e equipo artístico da ESAD de Galicia**

O elenco e os equipos creativos deste espectáculo estarán integrados por alumnado da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia, ofrecéndolle unha oportunidade formativa e profesional a novas xeracións de artistas. Ademais, a proposta contará coa participación de veciños e veciñas do Morrazo como figurantes, reforzando así o vínculo co territorio e a implicación directa da comunidade local no proceso artístico.

ao público o relato —oficial e non oficial— desa travesía artística e vital. A obra tamén lle rende homenaxe a un dos membros fundadores do grupo, falecido durante o proceso.

Trátase dunha peza que naceu do diálogo coas linguaxes contemporáneas das artes escénicas e coa vida cultural da cidade de Guimarães, a través do Teatro Oficina, espazo desde o que se desenvolveu a creación. Ao longo do espectáculo, abórdanse cuestións clave como os límites da representación ou a fusión entre vida e traballo artístico.



# 2. CDGLAB

O Centro Dramático Galego desenvolve unha ampla actividade de formación e capacitación dirixida tanto a profesionais en activo como a persoas en proceso de formación.

Esta vertente formativa compleméntase cun sólido programa de difusión e colaboración que lle permitiu ao CDG establecer redes e tecer alianzas con múltiples entidades e axentes culturais, tanto dentro comoa fóra de Galicia.

Entre as principais liñas de traballo, destaca a posta en marcha de espazos de encontro entre o ámbito formativo e o profesional, que buscan facilitar a incorporación das novas xeracións ao mercado laboral das artes escénicas. A través de accións como laboratorios escénicos, cursos especializados, aceleradoras de proxectos, visitas pedagóxicas e programas con contido académico e creativo, o CDG ofrece ferramentas e contextos reais para a experimentación e a aprendizaxe activa.

Neste contexto nace CDG Lab, un programa pensado para o alumnado de ensinanzas escénicas e afíns que se atopa na fase final da súa formación. O

obxectivo principal é acompañar e apoiar o tránsito cara á vida profesional, ofrecendo oportunidades de contacto co sector, acceso a experiencias prácticas e desenvolvemento de competencias clave para a inserción laboral.

O CDG considera esencial fortalecer a conexión entre o ensino e o tecido



escénico, servindo como ponte entre a formación e a práctica profesional. Por iso, colabora con diferentes centros de formación superior e profesional, contribuíndo a crear un ecosistema que favoreza a continuidade do talento, o intercambio de saberes e a proxección das novas xeracións de creadoras e creadores escénicos.

# **3. ACCESIBILIDADE**

**A**cultura é aberta, inclusiva e accesible cando se constrúe con todas e para todas as persoas: esa é a aposta do Centro Dramático Galego.

Con esta vontade transformadora, puxo en marcha o Sistema SINTE (Sistema de Inclusión en Teatro e Espectáculos), unha iniciativa pioneira no ámbito escénico galego que procura garantir o acceso pleno das persoas con discapacidade visual ou auditiva ás súas producións.

O sistema integra tecnoloxías e recursos específicos que permiten unha experiencia teatral máis equitativa e participativa: sobretítulos adaptados para persoas xordas locutivas, interpretación en lingua de signos para persoas xordas prelocutivas e audiodescripción mediante dispositivos individuais para persoas cegas ou con discapacidade visual severa.

Estes servizos están incorporados de forma natural á representación, sen interferir na experiencia global do público.

Ademais, de xeito regular, celébranse funcións descontraídas, cun ambiente máis flexible e acolledor: luz de sala tenue durante toda a función, maior

tolerancia a movementos ou sons,  
reforzo no equipo de acomodación e  
apoio para persoas con autismo,  
TDAH, discapacidade intelectual,  
sensibilidade sensorial e persoas que  
prefiren gozar do espectáculo nun  
ambiente máis relaxado.



O compromiso coa accesibilidade complétase cos programas de man de lectura fácil e formatos accesibles, así como coa eliminación de barreiras arquitectónicas no Salón Teatro, que dispón de ramplas, espazos reservados e sistema de acceso específico para persoas con mobilidade reducida.

# Premios Solidarios Grupo Social ONCE Galicia 2025

# **4. ACCIÓN NO TERRITORIO EXIRAS**

**G**arantir o acceso ao teatro público en todo o territorio galego é o obxectivo que articula esta liña estratégica do Centro Dramático Galego, que combina xiras, temporadas descentralizadas e un sistema de autobuses organizados para superar as barreiras xeográficas, sociais e loxísticas.

Esta aposta permite que o feito teatral chegue a toda a cidadania, independentemente do lugar onde viva, e consolida un modelo cultural descentralizado e inclusivo.

As xiras permiten levar as producóns máis ambiciosas a teatros e auditórios das principais cidades e vilas cabeceira de comarca, espazos dotados da infraestrutura necesaria para acoller espectáculos complexos. Ao mesmo tempo, proxectos de pequeno formato, adaptables a espazos non convencionais, percorren centros sociais, escolas, casas da cultura ou prazas públicas, facilitando un contacto máis directo coas comunidades locais e ampliando o alcance das propostas escénicas.

En paralelo, o programa de autobuses gratuitos impulsado pola Xunta de Galicia posibilita o desprazamento de públicos desde pequenas vilas e zonas rurais ata o

Salón Teatro de Santiago de Compostela, sede do CDG. A través da colaboración con concellos, centros educativos ou entidades culturais, esta iniciativa transforma o transporte nunha experiencia colectiva e de mediación cultural. Grazas a ela, moitas persoas asisten por primeira vez ao teatro, vivíndoo como un espazo de encontro, emoción compartida e reflexión.



A combinación destas accións reafirma a vontade de achegarlle o teatro ao conxunto da sociedade galega, apostando por unha programación diversa, flexible e conectada co territorio. Deste xeito, o CDG contribúe a construír unha escena pública viva, participativa e comprometida coa igualdade no acceso á cultura.

- +150 concellos galegos  
+ 100 funcións en xira  
+ 50 rutas de autobús**

# 5. ACCIÓN EXTERIOR E INTERNACIONALIZACIÓN

**A** internacionalización é unha das liñas estratégicas fundamentais do Centro Dramático Galego (CDG), que promove o teatro en galego fóra das nosas fronteiras mediante coproducións, programación, participación en redes internacionais e proxectos europeos.

Esta apertura ao exterior concíbese como un diálogo coas culturas que comparten vínculos históricos, lingüísticos ou xeográficos con Galicia.

Destaca a conexión coa **Lusofonía** como espazo natural de colaboración, así como o establecemento de redes con culturas e **linguas minorizadas**, reforzando o compromiso coa diversidade cultural e lingüística.

A **diáspora galega** tamén ocupa un lugar relevante nesta estratexia, fortalecendo

os lazos coas comunidades no exterior e aproveitando esa rede como ponte cara a novos públicos.

Por último, o CDG entende Galicia como parte da **cultura atlántica**, integrando proxectos que abordan a memoria migratoria e o diálogo intercultural.

Máis que exportar espectáculos, a internacionalización do CDG busca afirmar identidade, compartir perspectivas e participar nas grandes conversas culturais actuais desde unha mirada aberta e inclusiva.

Nesta temporda 2025/2026, a internacionalización terá un foco especial en Portugal coa presenza en diversos **festivais** como a Mostra Galicia en Coimbra, o FITEL e o Festival Iberoamericano de Évora, así como con **seis coproducións**, as **Quintas do Camões** e o **Desembarco Minhoto** das Comedias do Minho en Ponteareas.

O Centro Dramático Galego forma parte das seguintes redes internacionais:



**PHÔNĒ**

Rede de Teatros en Linguas Minoritarias e Minorizadas



**UTE**

Union des Théâtres de l'Europe



# 6. RESIDENCIAS

O apoio á creación contemporánea e á profesionalización do sector escénico é un dos compromisos centrais do programa de residencias artísticas que promove o Centro Dramático Galego.

Esta iniciativa inclúe diversas modalidades de residencia, desenvolvidas en colaboración con entidades como a Cidade da Cultura de Galicia, o Colectivo RPM e diversos concellos galegos.

As **Residencias REGA** permiten combinar o traballo escénico no Salón Teatro co uso dos espazos do Gaiás, facilitando estadías técnicas e creativas. Pola súa banda, as **Residencias Paraíso**, impulsadas polo Colectivo RPM, están dirixidas a creadoras en fase de investigación ou experimentación, ofrecéndolle tempo, espazo e acompañamento sen presións de producción inmediata.

A dimensión colaborativa esténdese tamén a outras institucións culturais e teatros dentro e fóra de Galicia, promovendo a **mobilidade** e o **intercambio artístico**.

Estas residencias permiten que artistas de Galicia desenvolvan proxectos noutros territorios e que creadoras doutras procedencias sexan acollidas aquí, favorecen-



do o diálogo cultural e Enriquecendo o tecido artístico local.

Un aspecto esencial do programa é a activación de **espazos asociados** en diferentes puntos da xeografía galega, incluíndo contextos rurais e non centrais.

Estas **residencias descentralizadas** levan os procesos creativos a teatros, casas da cultura ou espazos comunitarios, conectando a creación coas comunidades locais e contribuíndo á formación de novos públicos.

Con este conxunto de iniciativas, o CDG consolida o seu papel como axente vertebrador da escena galega, apostando por un teatro vivo, comprometido co presente e accesible desde calquera lugar do territorio.

# **7. APOIO Á DRAMATURXIA**

O Centro Dramático Galego mantén un firme compromiso coa promoción e visibilización da dramaturxia galega contemporánea a través de diversas accións estratégicas que buscan apoiar tanto a creación como a difusión de novos textos teatrais.

Entre estas iniciativas destaca a **Bolsa de Dramaturxia** e a **publicación de textos dramáticos**.

Outro piar fundamental deste apoio é a **posta en escena de obras de autoría galega**, tanto de dramaturgos/as emerxentes como consolidados, integrando os seus textos nas programacións regulares da compañía pública e promovendo a súa circulación dentro e fóra de Galicia.

Estas accións, en conxunto, configuran unha política cultural activa que apostá pola creación teatral en galego como eixo central da súa actividade institucional.

Nesta temporada levaranse a escena **textos orixinais** de Clara Gayo e Pablo Reboleiro, Paula Carballeira, José L. Prieto, Santiago Cortegoso, Lorena Conde ou Hugo Torres e Fernando Epelde.

Ao mesmo tempo, poranse en escena **adaptacións contemporáneas** de textos clásicos como as de Paula Carballeira que recunca con textos de Manuel María, Cándido Pazó coa adaptación da novela de Neira Vilas, Tito Asorey e Vanesa Sotelo coa súa versión do clásico de Shakespeare ou Sara Rey coa súa adaptación do texto de Eva Mir.



# 8. PUBLICACIONES

**A** publicación teatral é esencial para fixar o texto e conservar a memoria do teatro, unha arte efémera por natureza. O Centro Dramático Galego, a través da súa liña editorial e da colección *O papel do teatro*,

preserva os textos e procesos das súas producións, contribuíndo á identidade e á continuidade da escena galega. Así, o teatro mantén a súa presenza e voz máis alá da representación, fortalecendo a cultura e o pensamento escénico en Galicia.

Previsión de publicaciones 2025/2026

Nº 17

*Nada se sabe*

a partir de *A taberna de Clívia* de Manuel Lourenço

Nº 18

*A contenda do río Miño*

de Gabriel Feixóo de Arúxo con adaptación de Javier Alonso de Castilla

Nº 19

### A serie clopen

de Pablo Reboleiro e Clara Gavo

Nº 20

*Memorias dun neno labrego*

de Xosé Nira Vilas con adaptación de Cándido Pazó

Nº 21

Hamlet

de William Shakespeare con adaptación de Tito Asorey  
e Vanesa Sotelo



# **9. EXHIBICIÓN**

O Salón Teatro convértese nun espazo cultural de referencia grazas á súa programación diversa e de calidade, que combina as producións propias e coproducións do Centro Dramático Galego cunha oferta multidisciplinar.

En outubro, acolle a fase final de **Xuventude** **Crea Teatro**, un certame que impulsa o talento emerxente en todas as disciplinas artísticas. O mes continúa cos concertos do **Festival de Música Antiga e Barroca**, organizado polo Ateneo Barroco, e remata coa gala final do **Premio Narf**, promovida pola Deputación da Coruña.

Grazas á colaboración co concello de Santiago de Compostela, **Cineuropa** completa a programación de novembro con cinema de vanguarda.

O teatro universitario tamén ten un papel fundamental cos **Festivais da USC** e as **mostras da aula de teatro**.

En decembro, o **Encontro de circo D10!** trae ao Salón Teatro propostas que renovan o circo contemporáneo achegando unha programación que fascina por igual a público novo e adulto.

Ao longo de todo o ano, o Salón Teatro acolle funcións en lingua portuguesa dentro das **Quintas do Camões**, en colaboración co Camões – Centro Cultural Portuquês en Vigo.

Ademais, en maio chega o **Festival Escenas do Cambio** da man da Cidade da Cultura de Galicia.

Entre as citas más destacadas da primavera atópase tamén o mercado **Galicia Escena PRO**, ofrecendo unha oportunidade única para a interacción entre creadores, programadores e público.

Xa en xuño e xullo é o momento de acoller as **Residencias Paraíso** en colaboración co colectivo RPM.

Desta forma, o Salón Teatro mantén unha programación dinámica e plural froito da colaboración con numerosas institucións.



# 10. MEDIACIÓN E SERVIZO EDUCATIVO

O Centro Dramático Galego desenvolve un completo sistema de educación e mediación cultural co obxectivo de crear pontes sólidas entre o teatro e a cidadanía, prestándolle especial atención á comunidade educativa e ao tecido social galego.

A súa programación de mediación busca espertar o interese polo feito escénico, fomentar a participación activa da sociedade e facilitar o acceso aos procesos de creación teatral desde múltiples perspectivas.

Un dos piares fundamentais deste labor é o programa de visitas [Os segredos do Salón Teatro](#), dirixido a centros escolares de diferentes niveis educativos.

Estas visitas, dispoñibles tanto presencialmente como en formato en liña, ofrecen unha aproximación didáctica e participativa ao funcionamento dun teatro público, á historia do Salón Teatro e aos procesos que sustentan a producción escénica.

En paralelo, o CDG ofrece [visitas teatralizadas](#) que lle engaden unha capa lúdica e ficcional á experiencia.

O compromiso coa mediación esténdese tamén a outras propostas que acompañan a programación escénica, como as [Improversións](#), improvisacións escénicas

abertas ao público que parten de escenas das obras en cartel para fomentar o debate e a reflexión sobre os temas tratados.

Así mesmo, o ciclo [Banco de probas](#) ofrece un espazo de exhibición para monólogos curtos de creación galega, convidando intérpretes e creadoras a experimentar en escena en contacto directo co público.

O CDG desenvolve tamén accións de teatro comunitario, como o espectáculo realizado en [colaboración coa Federación Galega de Teatro Afeccionado \(Fegatea\)](#), no que participan actores e actrices non profesionais e que nace en paralelo a unha das grandes producións da temporda co apoio de diversos centros de [Formación Profesional](#).

Por último, cabe destacar a participación nas [Faíscas Culturais](#) da Universidade de Santiago de Compostela dirixidas ao seu alumnado.



# 11. MEDIOAMBIENTE

**D**esde o Centro Dramático Galego mantemos un firme compromiso coa sustentabilidade e a protección do medio ambiente, incorporando criterios ecolóxicos en todas as fases da actividade teatral.

Nos deseños de escenografía, priorízanse a redución no uso de materiais e produtos contaminantes, optando por alternativas más respectuosas co contorno.

No ámbito da iluminación, avanzouse cara a unha transición integral á tecnoloxía LED, tanto para o equipamento escénico como para a iluminación dos edificios, reducindo así o consumo enerxético e a pegada de carbono.

O vestiario, a utilaría e os elementos escenográficos son obxecto dun proceso continuo de reutilización e reciclaxe, prolongando a súa vida útil e minimizando a xeración de residuos.

Ademais, o Centro Dramático Galego pon á disposición de compañías, colectivos e entidades culturais a posibilidade de acceder, con carácter temporal, a elementos do seu fondo histórico, principalmente pezas de vestiario e elementos de atrezzo. Esta cesión

está suxeita á dispoñibilidade dos materiais e dos equipos do CDG, así como á adecuación do uso solicitado aos principios de conservación, respecto patrimonial e finalidade artística ou pedagóxica.

As solicitudes valóranse individualmente e deben incluir unha descripción clara do proxecto, o uso previsto dos materiais e o período de cesión. Para máis información ou para iniciar unha petición, cómpre contactar con:

[centro.dramatico.galego@xunta.gal](mailto:centro.dramatico.galego@xunta.gal)

Ademais, o CDG ofrece un servizo de préstamo de vestiario e utilaría que permite darralles novos usos a estes materiais por parte de compañías privadas, entidades sociais e proxectos de teatro escolar, amador e comunitario, favorecendo a economía circular e a democratización dos recursos culturais.

Deste xeito, o CDG non só contribúe á creación artística, senón que tamén impulsa prácticas responsables que fomentan un sector cultural más consciente, sostible e solidario.

# 12. PUNTO DE ENCONTRO

O Centro Dramático Galego colabora regularmente con numerosas institucións e colectivos de diversa índole, o que lle permite estar apegado á realidade social que o rodea e xerar sinerxías a través de:

**Colaboracións transversais** dentro da Xunta de Galicia coa Cidade da Cultura, as direccións xerais de Xuventude, Discapacidade, Emigración, Cultura ou a Secretaría Xeral da Linqua.

**Colaboración con centros educativos** e de formación: Universidade de Santiago de Compostela, ESAD de Galicia, Escola Audiovisual de Vigo, IES A Pinguela, CIFP Paseo das Pontes e numerosos centros de ensino primario e secundario.

**Colaboración con eventos e entidades sectoriais** como Asociación de Actores e Actrices de Galicia, Escena Galega, Academia Galega de Teatro, Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural, DramaturGA, Unión Internacional da Marioneta (Unima) Galicia, Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas ou Federación Galega de Teatro Afeccionado.

**Colaboración con outras institucións** como Consello da Cultura Galega, Concello de Santiago de Compostela a través do Auditorio de Galicia, Museo do Pobo Galego, Fundación Manuel María, Fundación Eugenio Granell, Paideia, CSIC/INCIPIT, DOWN Galicia, AMPANXOGA, ONCE, FAPXG e numerosos concellos de Galicia.



**14 PRODUCCIÓN  
E COPRODUCCIÓN**

**+70  
ACTORES  
E ACTRICES**

**+100  
ARTISTAS NOS  
EQUIPOS DE CREACIÓN**

**+120  
FUNCIONES NO SALÓN TEATRO**

**+150  
FUNCIONES EN XIRA**

A SERIE COPEN  
HEROES EN DECEMBRO  
BERENGUELA NA GAIOLA  
TERRITORIO REGUEIFA  
JOSE AFONSO AO VIVO NOS COLISEUS 1983

MEMORIAS  
HAMLET

A FURIA DA AMANITA  
A FORTALEZA  
SOMOS MONSTROS  
BLACK BOX  
OS PASADORES  
ENSAIO TECNICO



# CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

## TEMPORADA 2025/2026



CENTRO  
DRAMÁTICO  
GALEGO